



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE MARZO DE 2023

En Laxe, sendo as 21:00 horas do día 30 de marzo de 2023, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde Don José Luis Pérez Añón (PP) presidindo o Pleno e os concelleiros:

Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Dona Raquel Lema Allo (PP)
Don Diego Soto Pereiro (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Dona Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)
Dona Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)
Don Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)
Dona Marta Caamaño Alvarellos (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto).

Actúa como secretario-interventor acumulado deste concello, Don Francisco Javier Novoa Juiz.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, BORRADORES ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE 26/01/2023 E 10/02/2023

Dase conta do borrador da acta de 26/01/2023 para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Seguidamente, non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua, Don Fabián José Romar Lema e Dona Marta Caamaño Alvarellos) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ABSTENCIÓNS: 0

Dase conta do borrador da acta de 10/02/2023, para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Seguidamente, non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua, Don Fabián José Romar Lema e Dona Marta Caamaño Alvarellos) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENOVACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DO PARQUE ARQUEOLÓXICO DO MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE. EXPTE. NÚM. 2023/A006/000001

Dase conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación,

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: *Renovación do convenio interadministrativo do parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte*

A Deputación Provincial da Coruña a través do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego informou da necesidade de renovación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos integrantes do proxecto “Parque arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte” asinado en 2018.

Na renovación inclúese ao Concello de Coristanco, último concello adherido á comunidade intermunicipal, e modifícanse algúns parágrafos do texto. Ademais, pídese o nomeamento de dous representantes do concello para formar parte do Consello de dirección.

En consecuencia iniciouse o expediente administrativo núm. 2023/A006/000001 de data 14/03/2023 no que figura informe preceptivo do secretario da corporación de teor favorable.

Por estes motivos, fórmulanse as seguintes propostas ao Pleno da Corporación:

Primeiro.- *Aprobar a renovación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e os concellos integrantes do proxecto “Parque arqueolóxico do Megalitimio na Costa da Morte” asinado en 2018 e do que o Concello de Laxe forma parte.*

Segundo.- *Designar ao alcalde, José Luis Pérez Añón, e a Concelleira de Comercio, Hostalería Turismo e Cultura, Raquel Lema Allo, como representantes do concello de Laxe para o Consello de dirección do “Parque arqueolóxico do Megalitismo na Costa a*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Morte”.

Terceiro.- Facultar ao alcalde de Laxe para asinar o convenio de colaboración e para realizar os trámites administrativos necesarios que se deriven da súa renovación.

Cuarto.- Dar cumprimento as obrigas de información activa en materia de transparencia derivadas da Lei 19/2013 de 9 de decembro.”

Seguidamente, non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua, Don Fabián José Romar Lema e Dona Marta Caamaño Alvarellós) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a renovación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e os concellos integrantes do proxecto “Parque arqueolóxico do Megalístico na Costa da Morte” asinado en 2018 e do que o Concello de Laxe forma parte.

Segundo.- Designar ao alcalde, José Luis Pérez Añón, e a Concelleira de Comercio, Hostalería Turismo e Cultura, Raquel Lema Allo, como representantes do concello de Laxe para o Consello de dirección do “Parque arqueolóxico do Megalístico na Costa da Morte”.

Terceiro.- Facultar ao alcalde de Laxe para asinar o convenio de colaboración e para realizar os trámites administrativos necesarios que se deriven da súa renovación.

Cuarto.- Dar cumprimento as obrigas de información activa en materia de transparencia derivadas da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO AO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL POR CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS FINANCIADOS CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. EXPTE. NÚM. 2023/T002/000006

Dase conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación,



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

“PROPOSTA DA ALCALDÍA VERBO DA APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 06/2023, AO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2023 (PRORROGADO DE 2022) EXPEDIENTE Nº 2023/T002/000006

Sométese á aprobación do Pleno da Corporación o expediente de modificación de créditos nº 06/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2023 (prorrogado de 2022), que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 22/03/2023, que consta no citado expediente.

Vistos asemade os informes emitidos pola secretaría-intervención acumulada desta corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte

A C O R D O

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 06/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2023 (prorrogado de 2022), que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 22/03/2023, que a continuación se indica:

Altas en aplicacións de gastos

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos extraordina rios	Créditos finais
Pro gr.	Econó mica				
150	623.00	<i>Admon. Xeral de vivienda e urbanismo. Maquinaria, instalación e utillaxe. Obra canalización para instalación de fibra óptica.</i>	0,00	2.538,64	2.538,64

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

161	629.00	<i>Abastecemento de auga. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos. Obras de ampliación da rede de abastecemento municipal de Aprazaduíro</i>	0,00	9.435,57	9.435,57
165	623.00	<i>Alumeado público. Maquinaria, instalación e utillaxe. Obras de canalización do alumeado público na senda peonil de Serantes.</i>	0,00	24.736,22	24.736,22
		TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	0,00	36.710,43	36.710,43

A) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplement os de crédito	Créditos finais
Progr.	Económi ca				
133	609.00	<i>Ordenación, tráfico e estacionamento. Outros investimentos novos en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral. Aumento de obra camino de acceso en formigón obra acondicionamento accesos á capela de Santa Rosa e do Muíño do Vento, neste Concello.</i>	30.068,50	2.962,35	33.030,85
		TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	30.068,50	2.962,35	33.030,85

RESUMEN DA MODIFICACIÓN NO ORZAMENTO DE GASTOS

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	36.710,43
---------------------------------------	------------------



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

<i>TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</i>	<i>2.962,35</i>
TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS	39.672,78

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercizo anterior, nos seguintes termos:

Aplicación económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Concepto		
8	87	870.00	<i>Remanente para gastos xerais</i>	<i>39.672,78</i>
			TOTAL	39.672,78

Segundo.- Expor ao público o expediente de modificación de crédito nº 06/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento municipal para 2023 (prorrogado de 2023), por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Terceiro.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o devandito expediente de modificación de crédito nº 06/2023, este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación, unha vez incluída esta modificación, do orzamento definitivo resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Cuarto.- A modificación aprobada producirá efectos desde a data de publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma."

O voceiro do BNG de Laxe, Xosé Manuel Pose Lema reprocha que cando o goberno estaba na oposición votaba en contra deste tipo de acordos porque dicía que iso era non saber gobernar; pero en todo caso vai dar o seu apoio, co fin de que se lle pague aos empresarios que fixeron os traballos que figuran nas facturas.

Tamén comenta que lle chamou a atención unha factura de 24.000 € de iluminación na obra da senda de Serantes e pregunta (de xeito retórico) e se a pagou o concello, xa que o normal en tódolos concellos da zona, é que a pague a Xunta de Galicia.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Seguidamente, non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua, Don Fabián José Romar Lema e Dona Marta Caamaño Alvarellós) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 06/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2023 (prorrogado de 2022), que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 22/03/2023, que a continuación se indica:

Altas en aplicacións de gastos

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos extraordinarios	Créditos finais
Progr.	Económica				
150	623.00	<u>Admon. Xeral de vivienda e urbanismo. Maquinaria, instalación e utillaxe.</u> Obra canalización para instalación de fibra óptica.	0,00	2.538,64	2.538,64

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

161	629.00	<u>Abastecemento de auga. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos.</u> Obras de ampliación da rede de abastecemento municipal de Aprazaduro	0,00	9.435,57	9.435,57
165	623.00	<u>Alumeado público. Maquinaria, instalación e utilaxe</u> Obras de canalización do alumeado público na senda peonil de Serantes.	0,00	24.736,22	24.736,22
		TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	0,00	36.710,43	36.710,43

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aplicación		Descripción	Créditos iniciais	Suplementos de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
133	609.00	<u>Ordenación, tráfico e estacionamento. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u> Aumento de obra camino de acceso en formigón obra acondicionamento accesos á capela de Santa Rosa e do Muíño do Vento, neste Concello.	30.068,50	2.962,35	33.030,85
		TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	30.068,50	2.962,35	33.030,85

RESUMEN DA MODIFICACIÓN NO ORZAMENTO DE GASTOS



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	36.710,43
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	2.962,35
TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS	39.672,78

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercizo anterior, nos seguintes termos:

Aplicación económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Concepto		
8	87	870.00	Remanente para gastos xerais	39.672,78
			TOTAL	39.672,78

Segundo.- Expoñer ao público o expediente de modificación de crédito nº 06/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento municipal para 2023 (prorrogado de 2023), por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Terceiro.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o devandito expediente de modificación de crédito nº 06/2023, este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación, unha vez incluída esta modificación, do orzamento definitivo resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Cuarto.- .-A modificación aprobada producirá efectos desde a data de publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 4/2023 AO ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2022 PARA O 2023. EXPTE. NÚM. 2023/X998/000072.

Dase conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación,

“Expediente 2023/X998/000072

PROPOSTA DE ALCALDÍA PLENO

APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 4/2023

Vista a existencia dunha serie de gastos por importe total de 118.887,32 euros, facturas con rexistro de entrada dos exercizos de 2022 e 2023 correspondentes actuacións de exercizos pechados, de diversas prestacións, que precisan do previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aprobados, tal e como dispón o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.

Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 200/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adaptación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de reparo nº 4/2023 de data 24 de marzo de 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 4/2023 cun importe total de 118.887,32 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2022 para o 2023, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas con cargo a partida orzamentaria correspondente.”

O voceiro do BNG de Laxe, Xosé Manuel Pose Lema fai o mesmo reproche que no punto anterior e comprométese a apoiar co fin de pagar aos empresarios que prestaron os seus servizos.

Seguidamente, non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua, Don Fabián José Romar Lema e Dona Marta Caamaño Alvarellós) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de reparo nº 4/2023 de data 24 de marzo de 2023.
SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 4/2023 cun importe total de 118.887,32 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2022 para o 2023, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas con cargo a partida orzamentaria correspondente.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 5/2023 AO ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2022 PARA O 2023. EXPTE. NÚM. 2023/X998/000073.

Dase conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación,

“PROPOSTA DE ACORDO

***Asunto: Aprobación do expediente nº 5/2023 de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2023
Expte. 2023/X998/000073.***

Vista que se dota mediante o expediente 2023/T002/000006 o crédito orzamentario axeitado e suficiente para proceder á aprobación das facturas, con data de entrada no ano 2022 e 2023, con importe imputable ao orzamento que ascende a 36.027,33 € e que se xuntan, contidas ao expediente, polos conceptos sinalados nas mesmas.

Emitido informe de Intervención e considerando o establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente 2023/X998/000073 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 36.027,33 € a favor dos terceiros que figuran da documentación anexa, que leva consigo o levantamento do reparo nº 5/2023 formulado pola Intervención Municipal Acumulada.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas, unha vez aprobado o expediente de modificación de créditos 2023/T002/000006, para proceder posteriormente a ordenar o seu pago.”

O voceiro do BNG de Laxe, Xosé Manuel Pose Lema manifesta a súa sorpresa respecto a dúas factura de 7.000 € e 39.000 € aproximadamente, xa que son gastos que xunto coa anteriores de 26.000 € de iluminación e que debería abordar a Xunta de Galicia, poderíase facer a senda directamente. En todo caso, vai a apoiar pola finalidade xa dita.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Seguidamente, non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua, Don Fabián José Romar Lema e Dona Marta Caamaño Alvarellós) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente 2023/X998/000073 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 36.027,33 € a favor dos terceiros que figuran da documentación anexa, que leva consigo o levantamento do reparo nº 5/2023 formulado pola Intervención Municipal Acumulada.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas, unha vez aprobado o expediente de modificación de créditos 2023/T002/000006, para proceder posteriormente a ordenar o seu pago.

6.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS:

6.1. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE DE LAXE, EN CANTO Á CREACIÓN DUN CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PÚBLICA NA COSTA DA MORTE. EXPTE. NÚM. 2023/G006/000001.

Dase lectura por parte do concelleiro-portavoz do PSdeG-PSOE de Laxe, Don Fabián José Romar Lema da moción que presentou no Rexistro Xeral deste Concello o día 15/03/2023, con Rexistro de Entrada núm. 202300000000394:

“MOCIÓN CREACIÓN CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PÚBLICA NA COSTA DA MORTE

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , desexa someter á consideración do Pleno a seguinte proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*No eido educativo, ao igual que no desenvolvemento no rural, a **Costa da Morte** está a sufrir os recortes e abandono por parte*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

da Xunta de Galicia dende fai xa moitos anos.

*Despois de non dar resposta ás necesidades requeridas polas familias de diferentes colexios da zona ao principio deste curso escolar 2022-2023, súmase agora a demanda de **familias con nenos e nenas con necesidades especiais da Costa da Morte, así como diferentes organizacións e colectivos da comarca**. Estas familias non contan cun ensino equitativo, público e de calidade para os seus fillos e fillas, que cada ano venise mermadas tanto en centros ordinarios por falta de recursos e recortes, como en centros especiais, situados estes moi lonxes dos seus pobos.*

*Dende os centros escolares ordinarios da Costa da Morte e os equipos de orientación da Consellería de Educación están derivando ao alumnado con necesidades educativas especiais a centros de educación específicos. Coa dificultade que isto repercute para as familias, xa que o centro específico público máis preto está en Santiago ou na Coruña. A isto engádesse a dificultade que estes centros públicos de educación especial teñen lista de espera, polo que son derivados a centros especiais xestionados por asociacións privadas, o que é o mesmo, son derivados a centros concertados. Este feito de fomentar a escola concertada, cada vez máis normalizado, consolidan a **estratexia do goberno do Partido Popular de Galicia de redución significativa do gasto público en servizos públicos** que abundan no seu deterioro. Isto ten como consecuencia que as familias teñen que soportar un sobrecusto importante na economía familiar para a escolarización obrigatoria do seu fillo ou filla que pagan de media uns 250 € ao mes entre cuotas, servizos de comedor e transporte.*

*Ademais de pagar as familias o **transporte**, este servizo non está cuberto na súa totalidade, carece de servizo os cinco días da semana con saída e chegada nos pobos costeiros da comarca, en algún caso con carencia de coidadores con formación específica para atender ao alumnado con necesidades especiais. Este feito fai que moitas veces o alumnado non poida viaxar no autobús, e son as familias quen asumen a viaxe no seu propio coche ou teñen que quedar na casa, incrementando máis os custos do mesmo e desfavorecendo a conciliación familiar.*

*As actuacións e recortes da consellería de educación en colexios ordinarios e específicos durante a etapa obrigatoria de escolarización fai que atención ao alumnado con necesidades específicas educativas sexa pésima, sen apoios específicos nas aulas para este alumnado, sobrecargando as funcións do profesorado, e estes, facendo moitas veces funcións de coidadores ou de especialistas sen formación adecuada en aulas de vinte e cinco alumnos e alumnas. Esta situación conleva a un **deterioro do ensino público** no que non se chega con calidade e individualización á totalidade do alumnado. Como consecuencia a estes recortes e a non aposta pola educación pública por parte da consellería de educación temos e teremos persoas con menos autonomía no futuro, onda na actualidade nos encontramos sen oferta de centros de día ou os poucos que hai están saturados.*

*A falta de recursos ao inicio deste curso, a falta de igualdade de oportunidades para o alumnado con necesidades educativas especiais sumámoslle o anuncio do **peche do centro de educación especial ASPABER**, único con estas características na Costa da Morte. Encontrámonos cunha comarca sen opcións de facer vida nela. Ante esta nova a única resposta da Xunta de Galicia, ás familias foi a de escolarizar os seus fillos ou fillas en centros ordinarios sen recursos con carencia de profesorado ou que se trasladen aos centros públicos de educación especial de A Coruña e Santiago, donde non hai prazas. A falta de atención*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ao alumnado e a igualdade de oportunidades son claramente os síntomas das políticas educativas e de despoboamento do rural que pretende a Xunta de Galicia dende fai xa moitos anos.

*Os continuos recortes executados na educación pública do noso país, especialmente na comarca da Costa da Morte están a xerar un **incremento da desigualdade social e consitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeoramento as condicións nas que se exerce o dereito á educación.***

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno que se adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Laxe insta á Xunta de Galicia a:

1. Creación dun **Centro de Educación Especial na Costa da Morte**, no que abargue as necesidades de todo o alumnado con necesidades educativas especiais da comarca.

O portavoz do BNG Laxe, Don Xosé Manuel Pose pregunta porque esta moción non ten os tres puntos que tiñan similares noutros concello da zona e como exemplo da lectura á de Carballo, xa que sería máis contundente.

En todo caso, traslada que a vai a apoiar e recorda que o BNG de Carballo puxo a disposición de familias todo o necesario para a creación dos centros.

O Alcalde-Presidente comenta que o concello ofreceu diferentes parcelas para a nova ubicación, debendo a Deputación co custo do profesorado.

O concelleiro Don Francisco Charlín Oróns destaca que a decisión de peche foi de carácter unilateral e o verdadeiro problema será no próximo curso, propoñendo a xunta levar unha parte a Coristanco e crear cooperativa pendente de que a Deputación asuma os gastos de profesorado.

O Alcalde-Presidente presenta enmenda da que da lectura co seguinte teor:

“O Concello de Laxe, insta a Xunta, a que unha vez que ASPABER renunciou ao concertó do seo CEEPR en Carballo e iniciou o proceso de cese de actividade no vindeiro curso, se garanta a normal escolarización do alumnado afectado para o curso 2023-24 e se aborde coas familias as alternativas para a mellor solución para atender as necesidades de cada alumn@.”

D. Xosé Manuel Pose crítica que a enmenda inste algo á Xunta de Galicia que é da súa competencia.

Pásase á votación da enmenda obténdose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua, Don Fabián José Romar Lema e Dona Marta Caamaño Alvarells)].

VOTOS EN CONTRA: 0



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ABSTENCIÓNS: 1 (1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)

A continuación e tras aclarar os intervincentes co secretario do pleno que o contido da enmenda engadirase ó punto do PSOE na moción, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua, Don Fabián José Romar Lema e Dona Marta Caamaño Alvarellós) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

O Concello de Laxe, insta a Xunta, a que unha vez que ASPABER renunciou ao concertó do seo CEEPR en Carballo e iniciou o proceso de cese de actividade no vindeiro curso, se garanta a normal escolarización do alumnado afectado para o curso 2023-24 e se aborde coas familias as alternativas para a mellor solución para atender as necesidades de cada alumn@.

6.2. MOCIÓN DO BNG DE LAXE, SOBRE O APOIO AO SECTOR PERCEBEIRO DE LAXE DIANTE DA AMENAZA DE EXTRACCIÓN DE MEXILLA IMPOSTA POLA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. NÚM. 2023/G006/000002.

Dase lectura por parte do concelleiro-portavoz do BNG de Laxe, Don Xosé Manuel Pose Lema da moción que presentou no Rexistro Xeral deste Concello o día 21/03/2023, con Rexistro de Entrada núm. 202300000000432:

“Xosé Manuel Pose Lema, con DNI 76356607B, en calidade de concelleiro-portavoz do Bloque Nacionalista Galego (BNG) adscrito ao grupo mixto, ao abeiro do art.97.3 do RD 2569/86 (ROF) presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno Ordinario Municipal da Corporación de Laxe, a seguinte MOCION de APOIO AO SECTOR PERCEBEIRO DE LAXE DIANTE DA AMENAZA DE EXTRACCIÓN DE MEXILLA IMPOSTA POLA XUNTA DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1 de xuño de 2020:

- A Xunta prorroga un mes a extracción de mexilla e adopta medidas para garantir a convivencia pacífica entre bateiros e percebeiros.*
- O Executivo galego toma esta decisión ante a situación extraordinaria derivada da alerta sanitaria pola covid-19 e das dificultades do sector para atopar semente de mexillón.*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- *Da ampliación do período de recollida quedan excluídos o ámbito do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas e 16 zonas sensibles para a extracción de percebe das provincias da Coruña e Pontevedra, entre as que estaba, daquela a zona de Laxe.*
- *Como medida de prevención e para permitir que se manteñan as distancias de seguridade, a Consellería do Mar limita a dez as persoas que poden participar ao mesmo tempo na recolleita de mexilla nunha mesma zona.*

22 de febreiro de 2022

- *A Consellería do Mar aspira a flexibilizar a recollida estendéndoa a todo o ano e outorgando ao propio sector a capacidade de adaptar os procesos extractivos da semente aos seus procesos produtivos.*
- *O borrador da orde establece un máximo de recurso por batea de 3.500 quilos ao ano, unha cantidade que non pode destinarse á comercialización senón unicamente á batea á que está adscrita a autorización de extracción.*
- *A declaración de captación de mexilla e a comunicación da súa inmersión na batea realizaranse de xeito inmediato a través de ferramentas informáticas, o que facilitará o seguimento e control da semente de mexillón e garantirá a súa trazabilidade.*
- *O Goberno autonómico busca protexer tanto este recurso mariño como o futuro do sector e incide en que as melloras no seguimento da actividade contribuirán a coñecer mellor o estado do recurso e optimizar a súa xestión.*

7 de febreiro de 2023

- *A Xunta amplía en máis de 130 quilómetros a superficie destinada á extracción de mexilla no litoral de Galicia na que xa entraría a zona administrativa de Laxe.*
- *Esta medida enmárcase dentro dun paquete de actuacións posto en marcha pola Consellería do Mar para paliar a escaseza de semente deste molusco bivalvo nas costas da comunidade.*
- *Habilitaranse con carácter inminente arredor de 120 quilómetros de superficie nos espazos portuarios, nos que hai constancia de presenza da especie, sempre que non interfira na actividade normal dos peiraos nin supoña riscos en materia de seguridade.*
- *O Executivo galego estende ademais as áreas permitidas en Aguiño, Baiona, Bueu, Cangas e O Grove de forma que, só na provincia de Pontevedra, autoriza a actividade no 30% dos espazos que ata agora permanecían pechados.*
- *Esta ampliación das zonas de traballo é froito dunha análise exhaustiva da situación dos recursos -tanto do percebe como da mexilla-, dunha rigorosa avaliación do impacto socioeconómico para ambas partes e dun diálogo permanente e intenso cos dous sectores implicados, consenso que, no caso de Laxe, como así nos traslada o sector, non é real.*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- *A Administración galega traballa nun plan de longo percorrido con preto dunha decena de investigacións por importe de máis de 2 millóns de euros para facilitar o acceso á cría estudando a súa abundancia, captación e produción en criadeiro.*

8 de marzo de 2023

- *A Xunta acorda co sector a apertura nos vindeiros días de entre 20 e 25 quilómetros adicionais de costa para a extracción de mexilla mais sen consenso co sector percebeiro.*
- *A decisión foi adoptada tomando como base as propostas remitidas nas últimas semanas por unha parte do sector bateiro á Consellería do Mar, mais non as do sector percebeiro.*
- *A previsión era que a apertura de novas áreas de traballo fora un feito xa a partir do anterior luns 13 de marzo e se completara ao longo desta mesma semana.*
- *O Executivo galego mesmo agradeceu o compromiso das principais entidades mexilloeiras coa busca de acordos e a empatía mostrada polas federacións de confrarías de pescadores cara unha situación que dificulta a campaña de produción de mexillón, cuestión esta última que non debe ser verdade posto que o sector percebeiro manifestábase este venres 17 de marzo en Ribeira en protesta por tan negativa decisión para o propio sector.*
- *A Administración autonómicatamén presume de avanzar na vía do diálogo mantida desde o principio e que permitiu adoptar outras medidas como unha maior flexibilidade na instalación de cordas colectoras ou habilitar 130 quilómetros de costa hai unhas semanas, cando, novamente según o secto percebeiro laxense, non houbo diálogo con eles.*

E por todo isto que, diante deste cronograma de decisións cambiantes e erradas, en moitos dos casos, e que afectarían GRAVEMENTE á zona de extracción marisqueira de percebe da Confraría de Pescadores Santa María da Atalaia de Laxe, que abarca desde Punta Padrón ata Morelo e que se vería afectada pola autorización por imposición, non consensuada, co sector percebeiro, e que significaría un impacto negativo importantísimo na economía dos 23 percebeirxs asociadxs, parte importante do censo total de 90, porque supoñería o 45% de impacto negativo na economía desas familias e de todo o sector.

Por todo isto o BLOQUE NACIONALISTA GALEGO solicita ao pleno da corporación municipal do concello de Laxe a adopción do seguinte ACORDO:

1. *A Corporación municipal do Concello de Laxe aproba por UNANIMIDADE MANIFESTAR O APOIO ABSOLUTO ÁS DEMANDAS QUE PRANTEXE O SECTOR PERCEBEIRO DE LAXE diante deste conflito da extracción da mexilla.”*

O portavoz do BNG Laxe, Xosé Manuel Pose Lema traslada a moción, resaltando que na exposición de motivos faise un cronograma



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

onde se pon de manifestó o apoio ó sector mexilloeiro fronte ó percebeiro en vez de facilitar a súa convivencia.

O concelleiro, Francisco Charlín Oróns di que o voto do PP será favorable, e que como percebeiro que é e concelleiro foi a manifestación en Riberira en apoio ó sector percebeiro.

O alcalde-presidente recorda que o BNG solicitará novas zonas de mexillón.

O portavoz do BNG Laxe, Xosé Manuel Pose Lema pide convivencia armónica, que apoian ós dous sectores e que quen rompe o diálogo e o sector mexilloeiro.

O alcalde-presidente mantén o apoio ós percebeiros.

Seguidamente, non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dona Consuelo Lemus Insua, Don Fabián José Romar Lema e Dona Marta Caamaño Alvarellós) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

A Corporación municipal do Concello de Laxe aproba por UNANIMIDADE MANIFESTAR O APOIO ABSOLUTO ÁS DEMANDAS QUE PRANTEXE O SECTOR PERCEBEIRO DE LAXE diante deste conflito da extracción da mexilla.

B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

7.- DACIÓN CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 289 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

Nº Decreto	Nº Expediente	de Asunto
000047/20	2023/	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE XANEIRO



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

23	G003/000053	DE 2023
000048/20	2023/	Resolución de adjudicación
23	G003/000054	
